

CUARTO DE ESO.XEOGRAFÍA E HISTORIA.

Queridos chic@s:

Xa pasou unha semana e xa queda menos para que remate está insólita e histórica situación da que todos nos somos protagonistas e que quedará plasmada nos libros de historia .Libros que algúns de vós, xa non estudaredes pero si os vosos fillos ,sobriños...feitos dos que poderedes dar boa conta porque os estades a vivir nestes intres.

Nas últimas novas da Consellería de Educación durante o terceiro trimestre repasáranse os contidos dos dous primeiros,non se darán contidos novos por ese motivo, está semana repasarmos o primeiro tema.

Os alumnos suspensos, algún trimestre de Xeografía e Historia,teñen a posibilidade de recuperación realizando as tarefas propostas semanalmente e remitíndoas o meu correo,a o longo da semana.A data límite é cada domingo.

Para os alumnos que teñan a materia aprobada serán tidas en conta para subir as medias do terceiro trimestre.

Calquera dúbida ou aclaración sobre a tarefa desta materia, non dubides en consultala no meu correo:

mdocoso@hotmail.com

TEMA 1.O SÉCULO XVIII:AS BASES DO MUNDO CONTEMPÓRANEO.

1. Le o seguinte texto e contesta as preguntas:

A ilustración supón para o home a fin da súa minoría de idade, á que estivo condenado pola súa propia culpa [...] porque a causa deste estado non reside nun defecto de raciocinio, senón nun defecto de vontade e valor para utilizar a razón sen ser guiado por outro. Ten o valor de utilizar a túa propia capacidade de razoarl, esta é consígnaa da Ilustración.

A Ilustración segundo Emmanuel Kant
(1724-1804)

Explica coas túas palabras a que se refire o autor cando fala da «minoría de idade do home» e por que o culpa dela.

Cres que esta consigna é aplicable aínda na actualidade?

Investiga. Quen foi Emmanuel Kant?

2. Explica que significaban para os ilustrados o seguintes termos:

Razón

Felicidade

Progreso

Tolerancia

Liberdade

3. Como se vincula o liberalismo político co pensamento ilustrado?

Menciona os seus tres principais pensadores.

4. Explica como relacionarías a frase, «Todo para o pobo, pero sen o pobo» co Despotismo ilustrado.

5. Cal era a posición dos ilustrados respecto a educación?

6. Observa esta imaxe da Biblioteca Nacional e contesta as preguntas.



(© Thinkstock)

A que estilo arquitectónico pertence? Que trazos mostra?

Investiga sobre a historia da Biblioteca Nacional.

Por que cres que se construíu? Cal foi o seu contexto histórico

7. Explica que eran as academias, cal era o seu labor e nomea algunhas das máis importantes.

8. Realiza un esquema sobre as dúas tendencias artísticas predominantes no século XVIII nomeando exemplos que non aparezan no libro.

9. Realiza un pequeno informe sobre a *Enciclopedia*.

10. Le os seguintes textos e traballa o que se parezca máis interesante.

MEDICINA E POBREZA NO SÉCULO XVIII

Cara a finais do século XVIII comezou a darse un aumento de poboación de forma heteroxénea por toda Europa. Este aumento demográfico puido deberse a unha mellor nutrición grazas aos novos alimentos traídos de América e Asia, e ao desenvolvemento económico do comercio coas colonias. Con todo, a mortalidade infantil continuou sendo elevada, e as epidemias e enfermidades eran comúns por mor das malas condicións hixiénicas, sobre todo nas cidades. A medicina comezou a experimentar avances, pero as melloras chegaban de forma desigual ás clases sociais.

Ata ben avanzado o século, boa parte da poboación continuou coa tradición popular de evitar os baños, xa que se consideraba que a auga quente «abría os poros expoñendo o corpo a enfermidades». Por esta razón, as clases máis podentes disfrazaban os malos olores corporais con aceites perfumados,

perrucas e roupa interior branca, pois críase que as roupas desta cor absorbían a sucidade do corpo.

-Investiga e explica brevemente cales foron os avances que os seguintes médicos e científicos proporcionaron á medicina:

Edward Jenner

Antoine Lavoisier

René Laënnec

James Lind

Marie-François Bichat

O PERFUME.

O home moderno. As rúas apestaban a esterco, os patios interiores apestaban a ouriños, os ocos das escaleiras apestaban a madeira podrecida e excrementos de rata; as cociñas, a col podrecida e graxa de carneiro; os aposentos sen ventilación apestaban a po balorento; os dormitorios, a sabas graxentas, a edredóns húmidos e ao penetrante cheiro doce dos penicos. As chemineas apestaban a xofre; os curtidoiros, a lixivias cáusticas; os matadoiros, o sangue coagulado. Homes e mulleres apestaban a suor e a roupa sucia; nas súas bocas apestaban os dentes infectados, os alentos cheiraban a cebola e os corpos, cando xa non eran novos, a queixo rancio, a leite agre e a tumores malignos. Apestaban os ríos, apestaban as prazas, apestaban as igrexas e o fedor respirábase por igual baixo as pontes e nos palacios. O campesiño apestaba coma o clérigo; o oficial de artesán, coma a esposa do mestre; apestaba a nobreza enteira e, si, incluso o rei apestaba como un animal carniceiro e a raíña coma unha cabra vella, tanto no verán coma no inverno, porque no século XVIII aínda non se atallara a actividade corrosiva das bacterias e, por conseguinte, non había ningunha acción humana, nin creadora nin destrutora, ningunha manifestación da vida incipiente ou en decadencia que non fose acompañada dalgún fedor.

P. SÚSKIND, *O Perfume*.

De que maneira se relacionan estes olores coa saúde da poboación no século XVIII?

Cres que a mellora destas condicións hixiénicas estivo relacionada coas ideas ilustradas?